

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Aprobación bases convocatoria subvencións a clubs deportivos sen ánimo de lucro e deportistas federados/as 2023

EDICTO

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 17/07/2023, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/23), acorda:

Primeiro.- Aprobación das Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para clubs sen ánimo de lucro e deportistas federados para **2023**, que se reflicten de seguido.

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS/AS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS E PARA A PREPARACIÓN DAS DIFERENTES COMPETICIÓNS DURANTE ANO 2023

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas á organización, promoción, preparación e/ou participación deportiva de clubs e deportistas federados/as no ano 2023, con cargo á partida 340/480.00 do orzamento 2023 por un importe total de **38.000 euros**, dos que **8.500 euros** se destinarán ás solicitudes formuladas por deportistas federados/as.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación do deporte, a promoción da práctica deportiva, a creación de canteiras de deportistas no Concello de Teo, tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

a) Os clubs deportivos sen ánimo de lucro con domicilio social no Concello de Teo, inscritos en todos os casos, no Rexistro de Entidades Deportivas do Concello de Teo e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, que participen en competicións de carácter oficial e/ou organicen e/ou promovan actividades deportivas. Teñen que pertencer a federacións recoñecidas polo Consello Superior de Deportes ou pola Administración Deportiva Autonómica de Galicia.

b) Os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos.

- Ter licenza federativa en vigor no momento da solicitude nalgunha das federacións deportivas recoñecidas pola Administración Deportiva Autonómica de Galicia e/ou polo Consello Superior de Deportes.
- Estar empadroados/as no Concello de Teo con anterioridade á aprobación destas bases.
- Participar en competicións de carácter oficial e que sexan mínimo de ámbito autonómico ou superior.
- Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria os/as deportistas que:
 - Participen en competicións de carácter oficial por equipos en formato de ligas regulares.
 - Participen en competicións de carácter oficial de ámbito autonómico que non outorgen prazas para as competicións de ámbito estatal da mesma modalidade/especialidade.

c) Non poderán ter a condición de beneficiarias aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias numeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.—ACTIVIDADES E GASTOS SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades de participación e/ou promoción deportiva por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparación menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2023.

b) Gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos durante o ano 2023 dentro do territorio municipal.

c) Aqueles clubs que reciban unha subvención nominativa non poderán concorrer a esta convocatoria co mesmo obxecto de solicitude.

d) Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargos e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

4ª.—SOLICITUDES

4.1.- Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse nas instancias formalizadas recollidas nos Anexos I e II e dirixiranse ao concelleiro de Deportes.

Recordáselles que conforme ao disposto no artigo 14 de la Lei 39/2015 de outubro, de procedemento das administracións públicas, as persoas xurídicas (clubs e entidades) están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. En consecuencia, deberán presentar de forma electrónica a súa documentación na sede electrónica de este Concello a través do seguinte enlace: https://sede.teo.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/Solicitudsubvenciones_N Resulta imprescindible que para identificarse na sede electrónica se utilice o certificado dixital da empresa.

As persoas físicas (deportistas) poden presentar pola mesma vía ou no rexistro xeral do Concello (presencial).

Soamente pode presentarse unha única solicitude por club para unha ou varias modalidades.

No caso dos/as deportistas soamente pode presentarse unha única solicitude para unha única modalidade ou especialidade.

As solicitudes deberán de presentarse no prazo de 15 días hábiles dende a publicación do anuncio das presentes bases no BOP

4.2.- Documentación (están os impresos oficiais na páxina www.teo.gal ou no Departamento de Deportes do Concello).

Xunto coa instancia de solicitude de subvención recollidas nos Anexo I e II presentarase a seguinte documentación:

1) CLUBS DEPORTIVOS: (datos referentes á tempada 2022/2023 ou o ano 2023 segundo corresponda á modalidade deportiva)

a) Certificado da Federación correspondente onde figuren o número de licenzas, o número de equipos e as categorías onde participa o club solicitante.

b) Declaración responsable asinada polo/a representante do club facendo constar:

- b1) Deportistas femininas: listaxe con nome e apelidos especificando cales están empadroadas no Concello de Teo (o que se comprobará de oficio polo Departamento de Deportes) (se é o caso).
- b2) Deportistas masculinos: listaxe con nome e apelidos especificando cales están empadroados no Concello de Teo (o que se comprobará de oficio polo Departamento de Deportes) (se é o caso).
- b3) Técnicos/as: listaxe con nome e apelidos do persoal técnico do club, a súa titulación e a categoría na que adestren (con fotocopia compulsada do título de maior nivel de cada técnico/a e/ou fotocopia compulsada da súa ficha federativa).

c) Copia cotexada do CIF (no caso de non tela entregada xa noutras convocatorias anteriores).

d) Memoria descritiva do ano 2022, especificando as actividades/eventos deportivos nos que participou o club e as actividades/eventos deportivos que organizou (se é o caso).

e) Memoria descritiva da actividade que se vai a desenvolver no ano 2023 para a cal se pide a subvención, especificando as actividades/eventos deportivos nos que vai a participar o club e as actividades/eventos deportivos que vai a organizar (se é o caso).

f) Orzamento detallado de gastos e ingresos previsto para o ano 2023.

g) Certificación bancaria do número de conta onde se efectuarán os pagamentos.

h) Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000€. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

i) Declaración responsable conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

k) Declaración de datos e compromisos.

2) DEPORTISTAS FEDERADOS/AS:

a) Copia cotexada da licenza federativa en vigor.

b) Copia cotexada do DNI en vigor (no caso de non tela entregada xa noutras convocatorias anteriores).

c) Currículo deportivo.

d) Certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou e o resultado obtido no ano 2022.

e) Certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou no ano 2021.

f) Memoria descritiva da actividade que se vai a desenvolver no ano 2023 para a cal se pide a subvención.

g) Orzamento detallado de gastos e ingresos previsto para o ano 2023.

h) Certificación bancaria do número de conta onde se efectuarán os pagamentos.

i) Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000€. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

k) Declaración responsable conforme a que o/a solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

l) Declaración de datos e compromisos.

m) Última resolución publicada no DOG da Secretaría Xeral para o Deporte onde figure o recoñecemento de Deportista Galega/o de Alto nivel (se é o caso).

Nos puntos h), i) e k) no caso dos menores de idade serán os datos dos titores legais.

4.3.- Corrección de solicitude

Unha vez revisadas todas as solicitudes, a aquelas que conteñan erros ou deficiencias comunicaráselles e concederáselles un prazo de 10 días hábiles a partir da súa comunicación para a súa corrección. De non emendar os defectos no dito prazo arquivarase sen máis trámites.

5ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

1). CRITERIOS PARA CLUBS:

**(Nos apartados a), b), c), d), e), e f) datos referentes á tempada 2022/2023 ou o ano 2023 segundo corresponda á modalidade deportiva)*

a) Número de fichas ou licenzas. Ata 10 puntos máximo.

Máis de 200	10 puntos.
Ata 200	9 puntos.
Ata 150	8 puntos.
Ata 100	6 puntos.
Ata 75	5 puntos.
Ata 50	4 puntos.
Ata 25	3 puntos.
Ata 15	2 puntos.

b) Número de equipos federados. Ata 10 puntos máximo.

Nove ou máis equipos	10 puntos.
Oito equipos	8 puntos.
Sete equipos	7 puntos.
Seis equipos	6 puntos.
Cinco equipos	5 puntos.
Catro equipos	4 puntos.
Tres equipos	3 puntos.
Dous equipos	2 puntos.
Un equipo	1 punto.

c) Porcentaxe de fichas ou licenzas correspondentes a participantes locais. Ata 10 puntos máximo.

100%	10 puntos.
Máis do 85%	8 puntos.
Máis do 75%	6 puntos.
Máis do 50%	4 puntos.
Máis do 25%	2 puntos.

d) Porcentaxe de fichas ou licenzas femininas. Ata 5 puntos máximo.

Ata o 100%	5 puntos.
Ata o 75%	4 puntos.
Ata o 50%	3 puntos.
Ata o 25%	1 punto.

e) Categorías de base: biberóns-prebenxamín-benxamín-alevín-infantil-cadete-xuvenil (ou equivalentes). Ata 7 puntos máximo.

Sete categorías ou máis	7 puntos.
Seis categorías	6 puntos.
Cinco categorías	5 puntos.
Catro categorías	4 puntos.
Tres categorías	3 puntos.
Dúas categorías	2 puntos.
Unha categoría	1 punto.

f) Nivel de formación dos/as técnicos. Ata 12 puntos máximo.

3 ou máis técnicos/as con titulación de adestrador/a profesional/nivel 3 na especialidade	8 puntos.
3 ou máis técnicos/as con titulación de adestrador/a avanzado/a/nivel 2 na especialidade	7 puntos.
3 ou máis técnicos/as con titulación de licenciado/a en Ciencias do Deporte e E.F.	7 puntos.

3 ou máis técnicos/as con titulación de adestrador/a básico/a/nivel 1 na especialidade	6 puntos.
3 ou mais técnicos/as con outras titulacións/cursos formativos na especialidade	5 puntos.
1 ou 2 técnicos/as con titulación de adestrador/a profesional/nivel 3 na especialidade	4 puntos.
1 ou 2 técnicos/as con titulación de adestrador/a avanzado/a/nivel 2 na especialidade	3 puntos.
1 ou 2 técnicos/as con titulación de licenciado/a en Ciencias do Deporte e E.F.	3 puntos.
1 ou 2 técnicos con titulación de adestrador/a básico/a/nivel 1 na especialidade	2 puntos.
1 ou 2 técnicos/as con outras titulacións/cursos formativos na especialidade	1 punto.

*(Nos apartados g), h), i), k), l), e m) datos referentes ao ano 2022)

g) Presenza social (2022). Participación en competicións deportivas oficiais. Ata 5 puntos máximo.

Actividade de ámbito internacional (mínimo tres países participantes)	5 puntos.
Actividade de ámbito estatal	4 puntos.
Actividade de ámbito autonómico	3 puntos.
Actividade de ámbito provincial	2 puntos.
Actividade de ámbito local	1 punto.

Considérase Competición Internacional: Campionato do Mundo, Campionato de Europa, probas do *ranking* mundial, probas do *ranking* europeo.

Considérase Competición Estatal: Campionato de España, probas do *ranking* nacional.

Considérase Competición Autonómica: Campionato Galego, probas do *ranking* galego.

Non puntuarán torneos, adestramentos cos combinados estatais e autonómicos, opens, torneos privados e similares.

h) Presenza social (2022). Organización de competicións/eventos deportivos dentro do territorio municipal. Ata 10 puntos máximo.

Actividade de ámbito internacional (mínimo tres países participantes)	5 puntos.
Actividade de ámbito estatal	4 puntos.
Actividade de ámbito autonómico	3 puntos.
Actividade de ámbito provincial	2 puntos.
Actividade de ámbito local	1 punto.

i) Utilización de instalacións para o deporte de base (2022). Ata 10 puntos máximo.

Utilización exclusiva de instalacións non municipais	10 puntos.
Utilización habitual de instalacións non municipais e puntual de instalacións municipais	8 puntos
Utilización de instalacións municipais e non municipais	5 puntos.
Utilización habitual de instalacións municipais e puntual de instalacións non municipais	1 punto.
Utilización exclusiva de instalacións municipais	0 puntos

k) Gastos derivados do coidado e mantemento de instalacións propias (2022). Ata 5 puntos máximo.

Auga, luz e conservación da instalación	5 puntos.
Luz ou auga e conservación da instalación	4 puntos.
Conservación da instalación (marcaxe, coidado da herba...)	3 puntos.
Luz ou auga	2 puntos.

l) Colaboración nas Escolas deportivas municipais (2022). 10 puntos como máximo.

- Xestión de escola deportiva municipal de balde en instalacións propias do clube	10 puntos.
- Xestión de escola deportiva municipal de balde en instalacións municipais	6 puntos.
- Xestión de escola deportiva municipal con custo en instalacións propias do clube	4 puntos.
- Xestión de escola deportiva municipal con custo en instalacións municipais	2 puntos.

m) Colaboración co departamento de deportes na organización de actividades municipais (2022). 10 puntos como máximo.

No punto i) enténdese por instalacións municipais aquelas de xestión directa polo Concello.

No punto l) enténdese por escola deportiva municipal aquela escola que entra dentro da programación deportiva anual do Concello.

2). CRITERIOS PARA DEPORTISTAS FEDERADOS:

a) Competicións oficiais no ano 2022. Ata 10 puntos máximo. Puntuarán tres competicións máximo.

	1 NIVEL			2 NIVEL			OUTROS		
	ABS.	P.ABS.	BASE	ABS.	P.ABS.	BASE	ABS.	P.ABS.	BASE
INTERNACIONAL	8	7	6	6	5	4	4	3	2
ESTATAL	6	5	4	4	3	2	2	2	1
AUTONÓMICA	5	4	3	3	2	1	1	1	1

b) Resultados no ano 2022. Ata 12 puntos máximo. Puntuarán tres competicións máximo.

b1) Competición Internacional:

	1 NIVEL			2 NIVEL			OUTROS		
	ABS.	P.ABS.	BASE	ABS.	P.ABS.	BASE	ABS.	P.ABS.	BASE
1º/2º	10	8	6	8	6	4	6	4	2
3º/4º	8	6	4	6	4	2	4	2	1
5º/8º	6	4	2	4	2	1	2	1	0
OUTROS	4	2	1	2	1	0	0	0	0

b2) Competición estatal:

	1 NIVEL			2 NIVEL			OUTROS		
	ABS.	P.ABS.	BASE	ABS.	P.ABS.	BASE	ABS.	P.ABS.	BASE
1º/2º	8	6	4	6	4	2	4	2	1
3º/4º	6	4	2	4	2	1	2	1	1
5º/8º	4	2	1	2	1	0	1	0	0
OUTROS	2	1	0	1	0	0	0	0	0

b3) Competición autonómica:

	1 NIVEL			2 NIVEL			OUTROS		
	ABS.	P.ABS.	BASE	ABS.	P.ABS.	BASE	ABS.	P.ABS.	BASE
1º/2º	6	5	4	4	2	1	1	1	0
3º/4º	4	3	2	2	2	1	1	1	0
5º/8º	2	1	1	1	1	1	0	0	0
OUTROS	1	0	0	0	0	0	0	0	0

c) Competicións oficiais no ano 2021. Ata 10 puntos máximo. Puntuarán tres competicións máximo.

	1 NIVEL			2 NIVEL			OUTROS		
	ABS.	P.ABS.	BASE	ABS.	P.ABS.	BASE	ABS.	P.ABS.	BASE
INTERNACIONAL	8	7	6	6	5	4	4	3	2
ESTATAL	6	5	4	4	3	2	2	2	1
AUTONÓMICA	5	4	3	3	2	1	1	1	1

d) Competir nun club do Concello de Teo: 10 puntos

e) Ser Deportista Galega/o de Alto Nivel recoñecida/o pola Secretaría Xeral para o Deporte, no momento da publicación das bases desta convocatoria : 2 puntos

6ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

A cantidade concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade ou o investimento feito polo/a beneficiario/a.

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade/deportista para a tempada obxecto da solicitude.

O importe máximo da subvención a cada deportista individual non poderá superar os 1.300 euros.

7ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será o Departamento de Deportes.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos/as solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade/deportista, disciplina deportiva e contía máxima á que opta.
- Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.
- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpre, de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, con base nos criterios relacionados no punto anterior, efectuaráa unha Comisión de Valoración constituída polo concelleiro delegado de

Deportes, que a presidirá, a concelleira delegada de Cultura e á técnica municipal que actuará tamén como secretaria da comisión.

Suplencias. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros da comisión de valoración poderán ser substituídos polos seus suplentes.

Para estes efectos, cando non poidan concorrer o/a concelleiro/a de Deportes ou o/a concelleiro/a de Cultura poderán ser substituídos/as, respectivamente, polo/a concelleiro/a de Educación e polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais. A técnica deportiva poderá ser substituído/a por outro persoal do departamento de deportes.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

8ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

9ª.—COMPROMISOS

Os clubs e deportistas subvencionados/as ao abeiro destas bases quedarán obrigados a colaborar co Concello naquelas actividades deportivas que organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

Os clubs e deportistas que reciban subvencións durante o ano 2022 quedan obrigados a comunicar ao departamento de deportes a súa presenza en competicións autonómicas, nacionais e internacionais, así como a consecución de premios ou títulos nas categorías puntuables nestas bases, así como facilitar material gráfico para a difusión dende os medios municipais.

10ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos/as perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Facturas de gasto de 2023 relacionadas coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida. Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos (adquisición de subministración, prestación de servizos, ...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos na mesma, a constancia expresa de “Cobrada, asinada e indicando o nome e o DNI”, pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

b) Declaración responsable de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

c) Declaración responsable doutras axudas e/ou subvencións concedidas ou pendentes de conceder durante o ano 2023 con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) Memoria das actividades realizadas durante o ano 2023.

e) Declaración responsable de gastos e ingresos detallados realizados no ano 2023.

f) Cartelaría, notas de prensa... onde figure o patrocinio do Concello de Teo (se é o caso).

As subvencións xustificaranse antes do 31/10/2023. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á súa revogación.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado, e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta verase reducida proporcionalmente.

Se na documentación presentada para a xustificación houbera redución de gastos, en referencia aos presentados na instancia da solicitude, a axuda que finalmente o Concello de Teo aboará a o beneficiario/a deberá respectar a porcentaxe máxima do 70% sobre o gasto final xustificado.

11ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

O Departamento de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

12ª.—RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

13ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O que se fai público para os efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas bases.

Teo, 11 de xullo de 2023

O concelleiro de Deportes e Xuventude
Rogelio Gómez Fernández

Teo, 20 de xullo de 2023

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz



ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE - CLUBS DEPORTIVOS

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	
ENTIDADE SOLICITANTE: MODALIDADE:	CIF:
ENDEREZO:	LOCALIDADE:
MAIL:	
REPRESENTANTE DA ENTIDADE:	
DNI:	TELÉFONO/S DE CONTACTO:
CARGO QUE OCUPA:	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (marca o que corresponda)	
CERTIFICADO FEDERATIVO DO NÚMERO DE LICENZAS, NÚMERO DE EQUIPOS E AS SÚAS CATEGORÍAS	
CERTIFICADO FEDERATIVO OU, NO SEU CASO, COPIA DA FICHA FEDERATIVA DO PERSOAL TÉCNICO DO CLUB	
DECLARACIÓNS RESPONSABLES ASINADAS POLA/O REPRESENTANTE DO CLUB ONDE FIGURE: <ul style="list-style-type: none"> - DEPORTISTAS FEMININAS: LISTAXE CON NOME E APELIDOS ESPECIFICANDO CALES ESTÁN EMPADROADAS NO CONCELLO DE TEO - DEPORTISTAS MASCULINOS. LISTAXE CON NOME E APELIDOS ESPECIFICANDO CALES ESTÁN EMPADROADOS NO CONCELLO DE TEO - TECNICOS/AS: LISTAXE CON NOME E APELIDOS DO PERSOAL TÉCNICO DO CLUB, TITULACIÓN (FOTOCOPIA COMPULSADA) E CATEGORÍA NA QUE ENTRENAN. 	
COPIA COTEXADA DO CIF (No caso de non tela entregada noutras convocatorias anteriores)	
MEMORIA DESCRITIVA DA ACTIVIDADE QUE SE REALIZOU NO ANO 2022	
MEMORIA DESCRITIVA DA ACTIVIDADE QUE SE VAI A DESENVOLVER NO ANO 2023	
ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS E INGRESOS PREVISTO PARA O ANO 2023	
CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA	
CERTIFICACIÓN OU DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO DÍA NO PAGAMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL	
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CAUSAS DE PROHIBICIÓN DE PERCEPCIÓN DE SUBVENCÍONS OU AXUDAS PÚBLICAS	
DECLARACIÓN DE DATOS E COMPROMISOS	

Teo, de de 2023
Sinatura da/o representante da entidade

**1b1) DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS DEPORTISTAS FEDERADAS**

D./Dna, _____ con DNI _____
en representación da Entidade:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que as **DEPORTISTAS FEDERADAS** no noso club para a tempada 2022/2023 (ou no seu caso para o ano 2023) son as seguintes:

<u>NOME E APELIDOS</u>	<u>EMPADROADAS EN TEO</u>

Teo, de _____ de 2023

Sinatura da/o representante da entidade

**1b3) DECLARACIÓN RESPONSABLE DOS/AS TÉCNICOS/AS**

D./Dna, _____ con DNI _____
en representación da Entidade:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que os/as **TÉCNICOS/AS** no noso clube para a tempada 2022/2023 (ou no seu caso para o ano 2023) son as seguintes:

NOME E APELIDOS	TITULACIÓN	CATEGORÍA NA QUE ADESTRAN

Teo, de _____ de 2023

Sinatura da/o representante da entidade



1d) MEMORIA DESCRIPTIVA ANO 2022

CLUB:					
<u>PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES</u>					
<u>DENOMINACIÓN DO EVENTO/ACTIVIDADE NO QUE SE PARTICIPOU (1):</u>					
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Provincial	Local
	Países participantes:				
<u>DENOMINACIÓN DO EVENTO/ACTIVIDADE NO QUE SE PARTICIPOU (2):</u>					
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Provincial	Local
	Países participantes:				
<u>DENOMINACIÓN DO EVENTO/ACTIVIDADE NO QUE SE PARTICIPOU (3):</u>					
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Provincial	Local
	Países participantes:				
<u>ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DENTRO DO CONCELLO DE TEO</u>					
<u>DENOMINACIÓN DO EVENTO/ACTIVIDADE QUE SE ORGANIZOU (1):</u>					
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Provincial	
	Países participantes:				
<u>DENOMINACIÓN DO EVENTO/ACTIVIDADE QUE SE ORGANIZOU (2):</u>					
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Provincial	
	Países participantes:				
<u>DENOMINACIÓN DO EVENTO/ACTIVIDADE QUE SE ORGANIZOU (3):</u>					
ÁMBITO:	Internacional	Estatal	Autonómico	Provincial	
	Países participantes:				



1e) MEMORIA DESCRIPTIVA ANO 2023

(EVENTOS/ACTIVIDADES PARA OS QUE SE PIDE A SUBVENCIÓN)

CLUB:					
<u>PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES</u>					
<u>DENOMINACIÓN DO EVENTO/ACTIVIDADE:</u>					
<u>ÁMBITO:</u>	Internacional	Estatal	Autonómico	Provincial	Local
	Países participantes:				
<u>DESCRICIÓN DO EVENTO/ACTIVIDADE:</u>					
<u>NÚMERO APROX. DE PARTICIPANTES:</u>					
<u>PRESUPOSTO ESTIMADO:</u>					
<u>GASTOS:</u>					
<u>INGRESOS:</u>					
<u>ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES</u>					
<u>DENOMINACIÓN DO EVENTO/ACTIVIDADE:</u>					
<u>ÁMBITO:</u>	Internacional	Estatal	Autonómico	Provincial	Local
	Países participantes:				
<u>DESCRICIÓN DO EVENTO/ACTIVIDADE:</u>					
<u>NÚMERO APROX. DE PARTICIPANTES:</u>					
<u>PRESUPOSTO ESTIMADO:</u>					
<u>GASTOS:</u>					
<u>INGRESOS:</u>					



1f) ORZAMENTO DETALLADO PREVISTO PARA A TEMPADA 2022/2023 OU ANO 2023

<u>DESCRIPCIÓN GASTOS</u>	<u>CANTIDADE</u>
TOTAL GASTOS:	
<u>DESCRIPCIÓN INGRESOS</u>	<u>CANTIDADE</u>
<i>*no caso de non ter ingresos debe figurar no total 0 euros</i>	
TOTAL INGRESOS:	



1h) e 1i) DECLARACIÓNS RESPONSABLES

D./Dna,

con DNI

en representación da Entidade:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- que a entidade á que represento está ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.
- que a entidade á que represento non está incursoa en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Teo, de de 2023

Sinatura da/o representante da entidade



1k) DECLARACIÓN DE DATOS E COMPROMISOS

DATOS DEPORTIVOS					
MODALIDADE/ESPECIALIDADE DEPORTIVA:					
Nº DE LICENZAS FEDERATIVAS:	MASCULINAS:	FEMININAS:			
Nº DE EQUIPOS FEDERADOS:					
Nº DE PARTICIPANTES LOCAIS (Empadroadas/os no concello de Teo):					
CATEGORÍAS DE BASE (marcar a que corresponda): 7 6 5 4 3 2 1					
NIVEL DE FORMACIÓN DAS/OS TÉCNICAS/OS (Indicar o número):					
<ul style="list-style-type: none"> ○ Técnico/a/s con titulación de adestrador/a profesional/nivel 3: ○ Técnico/a/s con titulación de adestrador/a avanzado/nivel 2: ○ Técnico/a/s con titulación de adestrador/a básico/nivel 1: ○ Técnico/a/s con titulación de licenciado/a en Ciencias do Deporte e E.F.: ○ Técnico/a/s con outras titulacións/cursos formativos: 					
PRESENZA SOCIAL: PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN DEPORTIVAS OFICIAIS (2022) (Marcar a de maior rango):					
Internacional	Estatal	Autonómico	Provincial	Comarcal ou local	
PRESENZA SOCIAL: ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES/EVENTOS DEPORTIVOS DENTRO DO CONCELLO DE TEO (2022) (Marcar a de maior rango):					
Internacional	Estatal	Autonómico	Provincial	Comarcal ou local	
USO DE INSTALACIÓNS PARA O DEPORTE DE BASE (2022) (Marcar as que correspondan):					
Instalacións non municipais		Instalacións non municipais (puntualmente)			
Instalacións municipais		Instalacións municipais (puntualmente)			
INSTALACIÓNS UTILIZADAS:					
GASTOS MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS (2022) (Marcar as que correspondan):					
Auga		Luz	Conservación da instalación		
COLABORACIÓN ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (2022). NÚMERO DE ESCOLAS:					
Marcar:	De balde	Con custo	Instalacións propias	Instalacións municipais	
COLABORACIÓN EN ACTIVIDADES MUNICIPAIS (2022) Número de actividades:					

Declaro que:

- Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.
- A/o solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria.
- Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Teo, de de 2023

Sinatura da/o representante da entidade



ANEXO II - MODELO DE SOLICITUDE - DEPORTISTAS

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	
NOME E APELIDOS DA/O DEPORTISTA:	NIF: MODALIDADE:
ENDEREZO:	LOCALIDADE:
MAIL:	TELÉFONO:
NOME E APELIDOS DA/O REPRESENTANTE LEGAL (No caso dos menores de idade)	
DNI:	TELÉFONO/S DE CONTACTO:
RELACIÓN:	ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS:

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (marca o que corresponda)	
COPIA COTEXADA DA LICENZA FEDERATIVA EN VIGOR	
COPIA COTEXADA DO DNI EN VIGOR	
CURRICULUM DEPORTIVO	
CERTIFICACIÓN FEDERATIVA ONDE FIGURE A MÁXIMA COMPETICIÓN OFICIAL NA QUE PARTICIPOU E O RESULTADO OBTIDO NO ANO 2022	
CERTIFICACIÓN FEDERATIVA ONDE FIGURE A MÁXIMA COMPETICIÓN OFICIAL NA QUE PARTICIPOU NO ANO 2021	
MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE QUE SE VAI A DESENVOLVER DURANTE 2023	
ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS E INGRESOS PREVISTO PARA O ANO 2023	
CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA	
CERTIFICACIÓN OU DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO DÍA NO PAGAMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL	
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CAUSAS DE PROHIBICIÓN DE PERCEPCIÓN DE SUBVENCIONS OU AXUDAS PÚBLICAS	
DECLARACIÓN DE DATOS E COMPROMISOS	

Teo, de de 2023

Sinatura: no caso dos/as menores de idade, sinatura do/a titor/a legal



2f) MEMORIA DESCRIPTIVA ANO 2023 (DEPORTISTAS)

DEPORTISTA:				
<u>PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN OFICIAIS NO ANO 2023</u>				
<u>DENOMINACIÓN DA COMPETICIÓN:</u>				
<u>ÁMBITO:</u>	Internacional	Estatal	Autonómico	Outros
<u>ORGANIZADA POR:</u>				
<u>POSTO CONSEGUIDO:</u>				
<u>OBSERVACIÓNS:</u>				
<u>PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN OFICIAIS NO ANO 2023</u>				
<u>DENOMINACIÓN DA COMPETICIÓN:</u>				
<u>ÁMBITO:</u>	Internacional	Estatal	Autonómico	Outros
<u>ORGANIZADA POR:</u>				
<u>POSTO CONSEGUIDO:</u>				
<u>OBSERVACIÓNS:</u>				



2g) ORZAMENTO DETALLADO PREVISTO PARA AÑO 2023 (DEPORTISTAS)

<u>DESCRIBCIÓN GASTOS</u>	<u>CANTIDADE</u>
TOTAL GASTOS:	
<u>DESCRIBCIÓN INGRESOS</u>	<u>CANTIDADE</u>
<i>*no caso de non ter ingresos debe figurar no total 0 euros</i>	
TOTAL INGRESOS:	

**2i) e 2k) DECLARACIÓNS RESPONSABLES (DEPORTISTAS)**

(No caso de menores cubrir polo/a titor/a legal)

D./Dna, _____ con DNI _____
titor/a legal do/a menor:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- que estou ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.
- que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Teo, de _____ de 2023

Sinatura: no caso dos/as menores de idade, sinatura do/a titor/a legal



2I) DECLARACIÓN DE DATOS E COMPROMISOS (DEPORTISTAS)

DATOS DEPORTIVOS	
DEPORTISTA:	
MODALIDADE/ESPECIALIDADE DEPORTIVA:	
CLUB:	CLUB DE TEO:
DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (Recoñecida/o pola Secretaría Xeral para o Deporte , no momento da publicación das bases desta convocatoria: SI NON	
COMPETICIÓN E RESULTADOS OFICIAIS NO ANO 2022: (Certificado pola Federación correspondente)	
1.- Competición:	Resultado: 1º/2º 3º/4 5º/8º Outros
2.- Competición:	Resultado: 1º/2º 3º/4 5º/8º Outros
3.- Competición:	Resultado: 1º/2º 3º/4 5º/8º Outros
COMPETICIÓN OFICIAIS NO ANO 2021: (Certificado pola Federación correspondente)	
1.- Competición:	
2.- Competición:	
3.- Competición:	

Declaro que:

- Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.
- A/o solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria.
- Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Teo, de de 2023

Sinatura: da/o solicitante ou no caso de menores de idade, sinatura da/o representante.